

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2026/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

5 de marzo de 2026

Duración:

Desde as 20:35 ata as 22:09

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ANA BECEIRO RIVAS (interventora)	NON
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ





[REDACTED]	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
[REDACTED]	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
[REDACTED]	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
[REDACTED]	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE FEBREIRO DE 2026

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de febreiro de 2026, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 775/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O ACORDO DA UNIÓN EUROPEA MERCOSUR

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 3, En contra: 13, Abstencións: 5, Ausentes: 0





FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 3 de febreiro de 2026 (rexistro de entrada 2026-E-RPLN-1) que se transcribe der seguido:

“Desde o día 29 de decembro de 2025, o sector agrogandeiro galego está a mobilizarse na demanda de reivindicacións xustas e, sobre todo, a favor da pervivencia do noso medio rural. As súas xustas reivindicacións baséanse no seguinte:

- *Rexeitamento do acordo UE-MERCOSUR.*
- *Oposición á proposta de Marco Financeiro Plurianual da UE e á reforma da PAC 2028-2034.*
- *Reforma da Lei da Cadea Alimentar e garantía de prezos xustos.*
- *Simplificación e desburocratización dos servizos públicos e das tramitacións das axudas da PAC.*
- *Garantías sanitarias fronte a enfermidades gandeiras: EHE e, sobre todo, a DNC (Dermatose Nodular Contaxiosa).*

O pasado 17 de xaneiro asinouse o acordo entre o MERCOSUR e a Unión Europea, após unhas negociacións que concluíron o 6 de decembro. Tal e como xa tiña denunciado o BNG, este acordo está a causar unha fonda preocupación no sector agrogandeiro galego polas graves repercusións que vai ter a entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur, especialmente no sector avícola e no da carne de vacún.

O acordo permitirá a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado e, deste xeito, favorecerá o monocultivo e a especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado a miles de quilómetros. Trátase de prácticas completamente contrarias á descarbonización, á recuperación da biodiversidade natural, á soberanía alimentar e ao consumo de produtos de proximidade. Cómpre tamén destacar que os cultivos e a cría de gando se realizan en condicións moi diferentes, xa que se permiten prácticas —uso de praguicidas, antibióticos, pensos, etc.— que non cumpren os mesmos estándares que na Unión Europea e cuxos controis en orixe non son equivalentes. A isto hai que engadir que, en moitos casos, as condicións laborais da man de obra empregada non garanten salarios nin condicións dignas.

Segundo as cifras publicadas, este acordo suporá a entrada anual de 99.000 toneladas de carne de vacún, 180.000 toneladas de aves e 45.000 toneladas de mel procedentes do MERCOSUR, sen aranceis. En Galiza prodúcese anualmente 95.600 toneladas de carne de vacún, das cales 23.000 están amparadas pola indicación xeográfica protexida Ternera Gallega, así como 215.000 toneladas de aves e 2.700 toneladas de mel. Se comparamos estes datos coa produción galega, observamos que este acordo supón a entrada na UE dun volume de carne de vacún similar á produción anual de Galiza, e o que é mais grave, sen cumprir ningún dos requisitos esixíbeis á gandería galega. No caso





do mel, supón case o dobre da produción total de todo o Estado español, que se sitúa nas 27.400 toneladas anuais.

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período, coñecida como PEPAC 2023-2027. Neste ano 2025 xa se comeza a falar do novo período, en principio 2028-2034. A proposta inicial que se está a debater prevé un recorte de máis dun 22 % nos fondos destinados á Política Agraria Común para destinalos á industria da guerra. Parece que a presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, prefire as armas aos alimentos, os tanques ás labregas e aos labregos. Se xa a PAC nos últimos anos foi negativa para Galiza, é doado imaxinar o que significará un recorte brutal deste calibre.

Esta redución do orzamento comunitario para o sector agrario suporía unha baixa de máis de 84.000 millóns de euros, o que sen dúbida traería consigo graves consecuencias para o agro, afectando de xeito moi significativo a Galiza. Para o BNG esta proposta é totalmente inaceptábel, polo que demandamos a súa retirada e que se teña en conta como punto de partida a resolución aprobada no Parlamento Europeo a favor dun incremento dos fondos destinados á PAC. Desde o BNG demandamos que este incremento leve consigo unha distribución que teña en conta fundamentalmente as pequenas explotacións familiares, a permanencia no territorio, a loita contra o despoboamento, a remuda xeracional e, por suposto, unha mellora e ampliación dos servizos públicos e un desenvolvemento rural produtivo e respectuoso co medio ambiente.

A recente chegada ao Estado español da Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC) sitúa o noso país nunha situación de alto risco para a gandería, tanto de leite como de carne, que vén de enfrontarse nos últimos anos a enfermidades emerxentes que provocaron importantes perdas nas explotacións, como a lingua azul ou a EHE. Coa detección dun gromo en Cataluña, e á vista da evolución da

Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado español a:

- Oporse ao acordo MERCOSUR-UE polas graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego e transmitir esta posición ao Congreso dos Deputados, ao Parlamento Europeo e á Co-misión Europea.*
- Rexeitar de forma clara e rotunda a proposta da presidenta da Comisión Europea de recortar máis dun 22% os fondos destinados á Política Agraria Común para o período 2028-2034.*
- Esixir para o novo período da PAC 2028-2034 unha mellora do financiamento destinado a Galiza.*
- Establecer por parte da Xunta de Galiza, de xeito inminente, a vacinación gratuíta contra a Dermatose Nodular Contaxiosa, a realizar por persoal propio da Consellaría antes da chegada da enfermidade ao noso país, como medida*





preventiva fundamental.

- *Estabelecer medidas adicionais por parte da Consellaría do Medio Rural para previr a entrada en Galiza da DNC.*
- *Exixir da Xunta de Galiza que as indemnizacións por animal nos casos de baleiro sanitario (DNC) estean actualizadas segundo o prezo real de mercado do gando.*
- *Modificar e simplificar as normativas de aplicación da PAC en Galiza, tendo en conta a nosa especificidade, evitando criterios diverxentes entre consellarías. No Comité de Seguimento do PEPAC establecerase unha mesa de traballo específica para combater a burocratización da tramitación das axudas, permitindo a simplificación dos procedementos administrativos e a unificación de criterios.*
- *Promover unha reforma da Lei da Cadea Alimentar con indexación e referencias a marxes comerciais non abusivas, mellorando o coñecemento dos custos de produción mediante estudos específicos e a implantación dunha rede de explotacións que permita obter datos reais das distintas orientacións produtivas.”*

Visto que dita moción foi levada fóra da orde do día á sesión plenaria celebrada o 5 de febreiro de 2026, sendo rexeitada a súa urxencia e ordenando que sexa levada á Comisión informativa de Rural e Medio Ambiente.

Visto o Ditame desfavorable adoptado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente na sesión celebrada o 26 de febreiro de 2026.

RESOLUCIÓN:

Debatida a moción, sométese a votación, sendo rexeitada polos votos a favor dos grupos do BNG e Mixto (MOVETE), en contra dos do PP e a abstención do grupo do PsdeG-PSOE.

Expediente 1088/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A DEFENSA DO SECTOR PRIMARIO E DOS PRODUTORES DO CONCELLO DA ESTRADA	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 2, Abstencións: 6, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a moción presentada con data 23 de febreiro de 2026 (registro de entrada 2026-RE-535) polo grupo municipal do Partido Popular, que se transcribe de seguido:

“O sector primario constitúe un dos piares económicos, sociais e territoriais do Concello da Estrada. O noso municipio conta cunha forte implantación do sector gandeiro, especialmente no ámbito do vacún de leite e carne, así como cun tecido agrícola que contribúe de maneira decisiva á fixación de poboación no rural, á dinamización





económica das parroquias e á conservación do territorio.

A posible sinatura do acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur está a xerar unha profunda preocupación entre os nosos gandeiros e agricultores, que xa están sometidos a elevados custos de produción, esixentes normativas ambientais e sanitarias, e unha carga burocrática crecente.

Desde o Grupo Municipal Popular da Estrada queremos manifestar con claridade que estaremos ao lado dos nosos produtores, defendendo que non se pode permitir unha competencia desleal que poña en risco explotacións familiares que levan xeracións traballando no noso concello e que son fundamentais para o equilibrio territorial e demográfico da Estrada.

É imprescindible que calquera acordo comercial garanta que os produtos procedentes de terceiros países cumpran exactamente os mesmos estándares sanitarios, ambientais, laborais e de benestar animal que se lles esixen aos produtores europeos. Non pode haber dobres varas de medir nin dumping encuberto que prexudique aos nosos gandeiros.

Do mesmo xeito, compartimos a preocupación existente arredor do futuro da Política Agraria Común no marco do novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034. Para concellos como A Estrada, cunha ampla dispersión parroquial e unha clara vocación rural, a PAC é unha ferramenta esencial para garantir o relevo xeracional, a modernización das explotacións e a viabilidade económica do sector.

A maiores, consideramos necesario avanzar na simplificación administrativa e na redución da burocracia que soportan as explotacións, permitindo que os profesionais do campo poidan centrarse na produción e non na tramitación constante de expedientes.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular da Estrada propón ao Pleno a adopción dos seguintes:

ACORDOS

O Pleno do Concello da Estrada acorda dirixirse ao Goberno de España para trasladarlle as seguintes demandas:

1º.- Manifestar publicamente o rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).

2º.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico, diferenciado e suficiente para a Política Agraria Común (PAC), garantindo recursos equivalentes e homologables aos actuais fondos FEAGA e FEADER, co fin de asegurar a competitividade, modernización e viabilidade futura das explotacións da Estrada e do conxunto de Galicia.

3º.- Solicitar que os fondos europeos destinados ao sector primario se executen de





maneira áxil e directa, priorizando o apoio ás explotacións profesionais e familiares que sustentan o rural estradense.

4º.- Protexer o sector primario, defendendo como cuestión imprescindible a inclusión e aplicación efectiva das cláusulas de salvagarda no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur, garantindo e intensificando os controis de fronteira para que os produtos agroalimentarios importados cumpran os mesmos estándares que os esixidos na Unión Europea.

5º.- Solicitar ante a Unión Europea que non se proceda á activación provisional do citado acordo mentres non existan garantías reais para o sector primario e certezas xurídicas sobre a aplicación das cláusulas de salvagarda e o reforzo dos controis.

6º.- Instar ao Goberno de España a defender activamente os intereses do sector primario galego, tendo en conta o peso específico do vacún de leite e carne en concellos como A Estrada, onde o sector é esencial para a economía local e a cohesión territorial.”

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente na sesión celebrada o 26 de febreiro de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a votación a moción, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do PP, en contra do BNG e as abstencións dos grupos do PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Darlle traslado ao Goberno de España das seguintes demandas:

1º.- Manifestar publicamente o rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).

2º.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico, diferenciado e suficiente para a Política Agraria Común (PAC), garantindo recursos equivalentes e homologables aos actuais fondos FEAGA e FEADER, co fin de asegurar a competitividade, modernización e viabilidade futura das explotacións da Estrada e do conxunto de Galicia.

3º.- Solicitar que os fondos europeos destinados ao sector primario se executen de maneira áxil e directa, priorizando o apoio ás explotacións profesionais e familiares que sustentan o rural estradense.

4º.- Protexer o sector primario, defendendo como cuestión imprescindible a inclusión e aplicación efectiva das cláusulas de salvagarda no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur, garantindo e intensificando os controis de fronteira para que os produtos agroalimentarios importados cumpran os mesmos estándares que os esixidos na Unión Europea.





5º.- Solicitar ante a Unión Europea que non se proceda á activación provisional do citado acordo mentres non existan garantías reais para o sector primario e certezas xurídicas sobre a aplicación das cláusulas de salvagarda e o reforzo dos controis.

6º.- Instar ao Goberno de España a defender activamente os intereses do sector primario galego, tendo en conta o peso específico do vacún de leite e carne en concellos como A Estrada, onde o sector é esencial para a economía local e a cohesión territorial.

Expediente 1066/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE SUBSCRICIÓN DO MANIFESTO APROBADO POLA FEGAMP CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER", TITULADO "AS MULLERES, XESTORAS DO CAMBIO".

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Visto o manifesto elaborado pola FEGAMP con motivo da celebración o vindeiro 8 de marzo do “Día Internacional da Muller”, titulado “As mulleres, xestoras do cambio”, aprobado na súa xuntanza ordinaria celebrada o 10 de febreiro de 2026, o cal se transcribe literalmente de seguido:

“A conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, permítenos lembrar, reivindicar e facer balance dos avances acadados. Unha data mundialmente rememorada na que a ONU, neste 2026, une a muller e nenas para esixir igualdade real de dereitos e unha xustiza para facer valer, exercer e desfrutar eses dereitos.

No municipalismo galego, falar de igualdade significa falar de milleiros de mulleres implicadas ao longo dos anos que deixaron o mellor do seu talento e da súa capacidade ao servizo da veciñanza con responsabilidade, bo facer e rendición de contas. Un traballo cotiá que mantén en pé aos concellos e garante que os servizos públicos cheguen a todas as persoas.

Desde a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) queremos poñer o acento nesta labor imprescindible, e non sempre recoñecido, das xestoras públicas. Mulleres que dende os espazos de responsabilidade, e tamén dende os equipos técnicos, sosteñen a administración local e participan nos procesos máis esixentes que afrontan hoxe os gobernos máis próximos á cidadanía.

Dende Maruja Gómez, a primeira muller alcaldesa elixida democraticamente en Galicia no ano 1936, ata hoxe, moitas mulleres foron asumindo os batóns de mando dos 313 concellos galegos. Outras como concelleiras e outras en labores de oposición, pero todas erguendo a bandeira do traballo colectivo e deixando o listón moi alto. De feito, compre engadir que máis do 42% das concellerías nos municipios galegos están ocupadas por





unha muller, malia que só o 22% son alcaldesas.

Falamos de mulleres traballando en ámbitos e funcións chave na xestión municipal como a planificación de servizos, o deseño dos pobos e das cidades, a xestión económica, a contratación pública ou programando e prestando servizos á comunidade. Un traballo constante e rigoroso, absolutamente esencial para garantir a continuidade, a estabilidade institucional e a mellor atención, mesmo en situacións complexas como recentemente aconteceu coa pandemia do Covid.

Na actualidade, esta experiencia resulta determinante para facer fronte a un dos maiores desafíos do municipalismo como foi a xestión dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, coñecidos como Next Generation EU. Nunca antes os concellos e deputacións tiveran que xestionar recursos de tal dimensión, cunha esixencia técnica que require coñecemento normativo, vangarda, organización, coordinación e unha planificación precisa. En Galicia, unha parte moi significativa desta responsabilidade recae nas mulleres.

Ese foi o motivo de poñer este 8M o foco nas mulleres como xestoras transformadoras dos seus pobos e cidades, facendo gala dun compromiso e coñecemento do territorio que posibilita que os investimentos non se concentren só nos grandes núcleos urbanos, senón que contribúan á cohesión territorial de toda Galicia e a un desenvolvemento máis equilibrado.

Este liderado político e institucional implica tomar decisións, establecer prioridades e garantir a transparencia no uso dos recursos públicos, con rigor e unha base sólida que reforza a confianza da cidadanía nas institucións

En todos os contextos políticos, a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes non pode entenderse como unha cuestión secundaria, senón como unha condición necesaria para a eficacia e a eficiencia das políticas públicas. Non hai política sen igualdade, non hai xestión sen mulleres, non hai democracia real sen paridade.

Por todo iso, debemos seguir defendendo o feminismo como un movemento político, social e cultural civilizatorio, indispensable para combater todas as formas de desigualdade, discriminación e violencia. É indispensable para reforzar a participación activa das mulleres na política local, pero tamén na economía, na educación, na investigación e na tecnoloxía. E por suposto, é imprescindible para fornecer e ampliar a actual axenda pública con novas respostas a vellas preguntas, con novas solucións para vellos problemas.

Neste 8 de marzo, na FEGAMP reafirmamos o noso compromiso para seguir visibilizando ás mulleres como xestoras do público, exercendo o poder e eliminando barreiras que aínda dificultan a seu acceso a postos de responsabilidade. Temos a oportunidade en Galicia de seguir pulando por un modelo municipal de desenvolvemento sostible, social, económico e medioambiental, centrado nas persoas, con perspectiva de xénero, con miradas máis plurais e coa igualdade impregnando a organización e a xestión dos





concellos. Invitámosvos a que durante todo o ano, pero especialmente nestas datas tan simbólicas, estimulemos conxuntamente a visibilización destes logros escritos co nome de centos de mulleres, que abramos espazos de participación para todas, que reforcemos a colaboración e o liderado de todas elas. Trallemos para que os retos e desafíos que temos por diante se afronten dende o principio de igualdade, recoñecendo ás mulleres non só como protagonistas da igualdade, senón como xestoras do cambio, responsables directas de construír, dende o ámbito local, un mellor futuro.

Cando unha muller avanza, ningún home retrocede. Cando unha muller avanza, todas dan un paso ao fronte.”

Visto que o Manifesto transcrito, aprobado polo organismo que representa aos concellos de Galicia, coincide co noso firme compromiso de visibilizar ás mulleres como xestoras do público, exercendo o poder e eliminando barreiras que aínda dificultan o seu acceso a postos de responsabilidade; así mesmo, temos a oportunidade de seguir loitando por un modelo municipal de desenvolvemento sostible, social, económico e medioambiental, centrado nas persoas, con perspectiva de xénero, con miradas máis plurais e coa igualdade impregnando a organización e xestión do concellos.

Vista a proposta de resolución PR/2026/247 de 23 de febreiro de 2026, emitida pola concelleira delegada de Benestar Social.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, adoptado na sesión celebrada o 26 de febreiro de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Subscribir o Manifesto elaborado pola FEGAMP con motivo da celebración o vindeiro 8 de marzo do “Día Internacional da Muller”, titulado “As mulleres, xestoras do cambio”.

Expediente 941/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE PARA DESEMPEÑO DE SEGUNDA ACTIVIDADE	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Visto o escrito presentado o 13 de febreiro de 2026 (registro de entrada 2026-E-RE-453) por D. Miguel Fraile García, persoal laboral fixo do Conservatorio Municipal de Música, polo que solicita o recoñecemento de compatibilidade para o desempeño dunha segunda actividade fóra do horario de traballo do Conservatorio municipal de Música da Estrada,





como profesor de guitarra no Concello de Vilagarcía en substitución da profesora titular do Conservatorio desa localidade nunha xornada de 11 horas semanais.

Visto o Informe favorable da secretaria municipal de data 20 de febreiro de 2026.

Vista a proposta de resolución PR/2026/245 de 23 de febreiro de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 26 de febreiro de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Recoñecerlle a D. Miguel Fraile García a compatibilidade solicitada para a actividade de profesor de guitarra no Concello de Vilagarcía, fóra do horario de traballo do Conservatorio municipal de Música da Estrada, que se axustará á normativa aplicable e sempre que se de cumprimento ás limitacións legalmente establecidas.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado xunto co seu réxime de recursos.

Terceiro.- Inscribir esta incidencia no Rexistro de Persoal, de ser o caso.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 2 AO 27 DE FEBREIRO DE 2026

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados do 2 ao 27 de febreiro de 2026, que van dende o número 2026-0110 ao número 2026-0249 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, intervén, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación





Cidadá, a seguinte persoa asistente no público:

- Dna. Balbina Martínez Ramalla

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e nove minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/gl/2026/03/06/pleno-concello-de-a-estrada-5-de-marzo-2026-2/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

8EC83F8A616255077622A185797F20D37815BBB54464E1419B5A7AB0D029FEF5

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

